

MESA SECTORIAL / MESA XERAL / COMISIÓN DE PERSOAL

Santiago de Compostela 14/02/24

O pasado luns tiveron lugar as reunións de Mesa Sectorial de persoal funcionario, de Mesa Xeral e de Comisión de Persoal onde se trataron as seguintes cuestións:

CONCURSO DE TRASLADOS DE ADMINISTRACIÓN XERAL:

Sen cambios nas bases, ante as distintas cuestións trasladadas en mesa previa o Director Xeral informa:

- Pode participar o persoal funcionarizado que teña máis de 2 anos de antigüidade no posto, sendo a case totalidade dos casos.
- O buzón de postos: será revisado coas alegacións que se realicen, incluíranse nel os 45 da funcionarización dos grupos I, II e V, dos que se aproba en Comisión a súa funcionarización, así como os que van na RPT da C. de Educación. Haberá un novo buzón completo para nova ronda de alegacións.
- De RPTs en trámite haberá a retirada de 15 postos que se corresponden con:
 - Consellería do Mar: 5 postos das confrarías de pescadores.
 - AMTEGA: postos do CIXTEC.
 - Postos reservados a discapacidade intelectual.
 - 1 adscrición por causa de saúde.
 - Supresións: 1 en Presidencia e 2 en Economía, 3 do IET.
 - Reservas por incapacidade: 1 ou 2.
 - Persoal laboral indefinido non fixo que acadaron despido nulo.
 - Amortizacións que pasan a escalas.
- O cálculo de postos a ofertar ronda os 2.900 postos (180 son novas creacións).
- Como modificación salientable está a inclusión dos postos ocupados en adscrición por causa de saúde e rehabilitación que aparecerán como resultas logo da participación dos seus ocupantes.

UGT: abstención

CIG: abstención

CCOO: abstención

CSIF: en contra.

SENTIDO DO VOTO DE UGT

UGT avoga e insta a un proceso de concurso aberto e permanente, a que se realice un concurso específico e a que se obrigue ás persoas que obteñan praza no concurso a un tempo mínimo de permanencia no posto para poder optar a comisións de servizo.

Entendemos que non compartimos a prontitude e celeridade da negociación das bases. Creemos que é necesario que dado que nesta ocasión foi imposible modificar absolutamente nada nos items do baremo que en próximas convocatorias si se poda redistribuír a porcentaxe de parámetros como o do lingua galega cuxo porcentaxe se sitúa en paridade ao do traballo desenvolvido (11,29%), consideramos que debe minorarse o seu peso e distribuírse sumándollo á antigüidade e ao traballo desenvolvido.

Ao respecto dos cursos de formación, entendemos que faltan entidades entre as que citamos os Ministerios e Consellerías e a Fundación Tripartita.

Solicitamos que se podan achegar alegacións ao buzón ata o límite máximo que permita o procedemento.



CONCURSO DE TRASLADOS DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL:

Sen cambios nas bases. Anuncia a retirada do buzón dos postos da EPOSH, así como 3 ou 4 prazas da C. de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e informa que algunha praza pode estar mal ubicada por problemas de encaixe dos procesos de estabilización, estando en xeral terá que pasar a escala ou ao revés).

UGT: abstención

CIG: abstención

CCOO: abstención

CSIF: en contra.

SENTIDO DO VOTO DE UGT

A maiores do expresado para o concurso de xeral, fixemos fincapé nas prazas compartidas por varias escalas, das que se convoca concurso dunha e doutra non, exemplo a compartida por bioloxía e veterinaria, a segunda non se convoca o concurso e a escala de ciencias especialidade bioloxía si, instamos a que se publiquen todos os concursos, dando oportunidade a todas as persoas de todas as escalas ao seu dereito ao concurso.

RPT CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, F.P. E UNIVERSIDADES:

Sen cambios na documentación da Mesa Xeral.

UGT: abstención

CIG: en contra

CCOO: abstención

CSIF: en contra.

SENTIDO DO VOTO DE UGT

UGT ven reclamando a necesidade de actualizar os rateos aplicados ao persoal non docente invariablemente desde o ano 1994, que como temos manifestado sistematicamente nas negociacións coa Consellería non só supoñen un anacronismo desde o punto de vista laboral se non que nin tan sequera recollen a existencia de colectivos profesionais que acompañan de forma fundamental o desenvolvemento da acción docente nos centros de ensino: traballadores/as sociais, orientadores/as ou auxiliares coidadores/as. Finalmente parece que a Dirección Xeral da Función Pública comparte xunto coas OOSS a necesidade de modificar os rateos. A negociación dun Acordo de Condicións de Traballo (solicitado nestes termos de forma explícita pola **UGT** na Comisión de Persoal) queda como compromiso ineludible nos vindeiros meses. Este novo escenario xunto coa incorporación dalgunha das demandas negociadas polo noso Sindicato, singularmente no IES A Guía de Vigo, xustifica a nosa abstención.

MODIFICACIÓN RPT FUNCIONARIZACIÓN A1, A2, AP DE ADMON XERAL.

Formúlase a 5ª RPT de funcionarización de 347 postos dos que 125 superaron os procesos (A1 83 postos, A2 30 e AP 12 postos), dos que finalmente só 3 levan complemento de funcionarización. Os postos do persoal non fixo incluíranse no concurso de traslados de administración xeral.

Anúnciase para o mes de abril a funcionarización dos postos restantes dos grupos III e IV.

Engádense 7 postos fixos-descontínuos con carácter itinerante, na Consellería de MATV, no mesmo Distrito, e na de PSX nas Residencias de Tempo Libre de Carballiño e Panxón, onde se incluírá a itineranzancia en radio de 30Kms.

UGT: a favor

CIG: en contra

CCOO: a favor

CSIF: en contra.

SENTIDO DO VOTO DE UGT

Constitúe un paso máis dentro do Acordo de concertación do emprego público, do que UGT é asinante, no que se trasladan os pluses percibidos como laboral á condición de persoal funcionario a través da conversión en complemento de destino e específico co fin de que ninguén perda economicamente nada coa conversión, unificando por centro de destino os distintos niveis, sempre e en todo caso a percepción final sofre incremento, conservando tamén a garantía na percepción de trienios consolidados.



MODIFICACIÓN RPT FUNCIONARIZACIÓN LEI 2/2015.

A presente modificación de RPT é consecuencia da estabilización e da funcionarización regulada na LEPG. Posibilita a toma de posesión en postos de traballo funcionariais, unha vez rematados os procesos nos que están actualmente e que derivan do Decreto 79/2022. Permite a funcionarización dos postos ofertados a través da modalidade específica de promoción do persoal laboral (D.A 17ª LEPG) das prazas da OPE 2022.

UGT: a favor

CIG: en contra

CCOO: a favor

CSIF: abstención.

SENTIDO DO VOTO DE UGT

Atendemos a que esta funcionarización posibilita o fin de procesos derivados do Acordo de concertación engadindo a posibilidade de toma de posesión de persoas que superaron os procesos selectivos de carácter laboral con idéntico contido aos do persoal funcionario, rematando así cunha situación a todas luces discriminatoria.

ACORDO DO PERSOAL FUNCIONARIO SPIF:

Incluíronse no último texto as seguintes modificacións:

- A exclusión expresa de persoal doutras escalas e corpos da Consellería que xa contan con acordos específicos.
- Apartado 2ª: que as persoas traballadoras poderán realizar cambios de quendas sempre con autorización expresa do órgano xerarquicamente competente.
- Apartado 6º: as cantidades por domingos e festivos a partir do 2025 incrementaranse a 180€ para o C1 e a 160€ para o C2 e a partir do 2027 serán incrementadas consonte ás leis anuais de orzamentos.
- Apartado 10º: sobre a denegación das vacacións anuais, esta deberá ser motivada.
- Apartado 13º: sobre a vixencia e aplicación do acordo, engádese un novo parágrafo que especifica que coa entrada en vigor deste documento manteranse as condicións do persoal existentes en todo aquilo que non contradiga o disposto neste acordo. Déixanse sen efecto, todos aqueles acordos, convenios ou pactos que contradigan o disposto neste instrumento.
- Disposición adicional única: ao respecto do persoal F-D cita que tras a sinatura deste acordo, iniciaranse negociacións para adecuar a aplicación das condicións específicas de traballo fixadas neste acordo ao réxime xurídico do persoal discontinuo do servizo de prevención de incendios forestais.

UGT: a favor

CIG: a favor

CCOO: a favor

CSIF: a favor.

SENTIDO DO VOTO DE UGT:

Entendemos que a unidade de acción, entre CSIF, CCOO e UGT foi clave na consecución deste acordo, así o manifestamos publicamente sendo que temos conseguido como eixes fundamentais os seguintes:

- **7 días de traballo cada dúas semanas.** Secuencia 3-4 (M-J-V/L-X-S-D)
- Xornadas de **10 horas sen prolongacións** (salvo incendios **nivel 2: máximo dúas horas pagadas**)
- Aplicación da **xornada semanal de 35 horas** en cómputo anual.
- Xornada máxima anual de **1550 horas fronte ás 1665 actuais.**
- Máximo **155 días de traballo anuais fronte os cerca de 200 actuais.**
- **Fins de semana alternos todo o ano** e descanso nun mínimo da **metade dos festivos anuais.**



- Recoñecemento dos días **24 e 31 de decembro** como días festivos.
- **27 días laborables de vacacións** a desfrutar en calquera época do ano.
- Incremento salarial
 - 2024 (50%) → cada dous domingos e/ou festivos C2: 140€ - C1:160€
 - 2025 (75%) → cada dous domingos e/ou festivos C2: **160€** - C1:**180€**
 - 2026 (100%) → cada dous domingos e/ou festivos C2: **160€** - C1:**180€**

ROGOS E PREGUNTAS:

- **Días 24 e 31 de decembro:**
 - Logo de reiteradas preguntas sobre esta cuestión, realizadas por UGT, aclara que se procederá á modificación do apartado 4º da instrución décimo cuarta do *permiso por asuntos particulares* que contén a Resolución do 24 de febreiro de 2016, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se ditan instrucións sobre o réxime de vacacións, permisos e licenzas, a través desa modificación suprimírase “...nas citadas oficinas”, co fin de estender o dereito a todo tipo de centros, quedando así o dito dereito con carácter xeral para todo o persoal empregado público.
Nova redacción: Os días 24 e 31 de decembro permanecerán pechadas as oficinas públicas, agás os servizos de Rexistro Xeral e Información. Cando ~~nas citadas oficinas~~ os días 24 e 31 de decembro coincidan en sábado ou domingo, terase dereito a dous días adicionais de asuntos particulares. Non obstante, o persoal que traballe os días 24 e 31 de decembro poderá gozar dun día adicional de asuntos particulares por cada día traballado.
- **Pago do 0,5 derivado do Acordo asinado co Goberno do Estado por UGT e CCOO:**
 - Están traballando co fin de levalo o antes posible á nómina.
- **Prazas para os procesos de Montes e Forestais:**
 - Ratifícase sobre o xa informado, logo da elección de destino de Agronómica e Técnica Agrícola, verán que prazas son as que quedan para poder ofertar.
- **Toma de posesión da próxima funcionarización:**
 - Prevista para o mes de marzo.

